



CPR Plurilingüe “Nuestra Señora del Carmen” (ATOCHA)

C/ Baltasar Pardal Vidal, 1
15300 - BETANZOS (A CORUÑA)
Tel. 981 770452

direccion@atochabetanzos.com
cpr.carmen.betanzos@edu.xunta.es

**PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN
DA COVID-19 NO COMEDOR**

Versión: 0

O obxectivo do presente documento é o de incorporar as medidas e accións complementarias ás indicadas no *Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19* para o comedor do centro.

O presente documento está sometido a revisión constante e pode ser obxecto de modificacións en versións sucesivas froito da realidade epidemiolóxica, as mellores evidencias científicas dispoñibles ou a modificación da normativa vixente.

Especificamente neste servizo de comedor destacamos as seguintes medidas específicas de prevención da transmisión da Covid:

- a) O centro manterase aberto durante todo o curso escolar asegurando o servizo de comedor, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base as indicacións das autoridades sanitarias.
- b) É obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.
- c) O uso do comedor escolar, quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado separado, de forma xenérica, por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo e non encarados. Os alumnos de infantil comerán agrupados sen respectar a distancia anterior por ser grupos estables. Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado.
- d) Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza. Nos primeiros días cada mesa terá posto o nome do alumno correspondente de cada un dos turnos. Cada alumno ocupará o mesmo lugar.
- e) O persoal utilizará en todo momento a máscara de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade. A tal fin deberá realizar o cuestionario de Autoavaliación Covid-19 antes da incorporación á súa quenda de traballo e proceder de acordo coas instrucións xerais tal como consta no Plan de adaptación.

- f) A auga poderá servirse nunha soa xarra, pero deberá servila sempre unha mesma persoa. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vinagreiras, cestos de pan para a mesa, etc...
- g) O Equipo Covid do centro disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.
- h) Os distintos grupos de convivencia estable serán acompañados ao comedor, utilizando máscara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos.
- i) Antes e despois de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño que lle corresponda para realizar a hixiene de mans. Así mesmo haberá dispensador de xel hidroalcohólico á entrada e saída do comedor.
- j) Será obriga do alumnado levar máscara, así como un estoxo específico para gardala.
- k) Queda eliminada a opción de cepillado dos dentes.
- l) Será necesario ventilar o comedor tras cada turno un mínimo de 15 minutos.
- m) Cando remate a comida, o alumnado sairá por orden segundo están sentados nas cadeiras e agruparanse nos patios dos recreos, ou outros espazos habilitados para o efecto, ata que os familiares os recollan por grupos de convivencia estable ou grupos previos establecidos para tal fin, ou ata o inicio da actividade lectiva de tarde. Unha vez sexan recollidos polas familias, deberán abandonar o recinto escolar.
- n) O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús. Usará de forma obrigatoria máscara e luvas en todo o persoal e manterá a distancia física de seguridade establecida.

o) No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informárase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse no centro o antes posible.

Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables e persoal do comedor independentemente do réxime de xestión.

p) Nos protocolos de hixiene e limpeza seguirase o previsto con carácter xeral para a limpeza das demais instalacións do Centro